

DULCE M<sup>a</sup> GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión ordinaria que tivo lugar o día 31 de maio de 2023 aprobou o Regulamento de uso dos vehículos do Parque Móbil da Universidade de Santiago de Compostela, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V<sup>o</sup> e Prace do sr. reitor.

V<sup>o</sup> e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## **ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO, DO 31 DE MAIO 2023, POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO DE USO DOS VEHÍCULOS DO PARQUE MÓBIL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

### *Exposición de motivos*

A Universidade de Santiago de Compostela conta cun Servizo de Parque Móbil que xestiona os vehículos que cobren as necesidades xerais da institución relacionadas co desprazamento de membros do goberno e o traslado de materiais. Ademais do anterior, determinados servizos xerais contan con vehículos para a adecuada realización das súas funcións, como o reparto de correo, a atención ás infraestruturas, a xardinería ou o apoio a funcións docentes.

Por outra banda, a Universidade é titular doutros vehículos que se empregan en tarefas de investigación e que son adquiridos con recursos públicos captados polos grupos de investigación. O anterior implica que o seu uso se restrinja á investigación o que precisa, dunha parte, de xustificación motivada para a súa adquisición e, doutra dunhas regras comúns de uso.

Así mesmo, cómpre garantir que o uso dos vehículos da institución, sufragados con recursos públicos, se adecúe a criterios de eficacia e eficiencia e a usos que non supoñan un detrimento da imaxe da institución. Por outra banda, é preciso regular o uso de representación, en especial tendo en conta o contexto de crise enerxética no que se debe promover a redución do gasto corrente.

Á vista do anterior, o Consello de Goberno, na sesión celebrada o 31 do maio de 2023,

### **ACORDA**

Aprobar o Regulamento de uso dos vehículos do Parque Móbil da Universidade de Santiago de Compostela.



## REGULAMENTO DE USO DOS VEHÍCULOS DO PARQUE MÓBIL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

### Artigo 1. *Vehículos da Universidade de Santiago de Compostela*

1. Forman parte do Parque Móbil da Universidade de Santiago de Compostela todos os vehículos da súa titularidade, con independencia da fonte de financiamento que sirva para a súa adquisición.
2. Terán a consideración de vehículos oficiais os que se empregan en servizos de representación.

### Artigo 2. *Adquisición de vehículos*

1. A adquisición por compra, renting, leasing ou calquera outro negocio xurídico asimilado con recursos públicos deberá ser autorizada, con carácter previo, pola Xerencia.
2. A proposta de adquisición deberá vir acompañada dunha memoria xustificativa sobre a necesidade de disposición dun vehículo para as funcións que se determinen, as características e modelos que se consideren adecuados segundo o caso e a identificación da persoa responsable que deberá ter vinculación permanente coa institución. Así mesmo, a memoria debería incluír os recursos cos que pretende financiarse o mantemento do vehículo no suposto de autorizar a adquisición e, de ser o caso, a relación de persoas autorizadas para a súa condución.
3. A autorización previa da Xerencia será requisito indispensable e a resolución que se dite será incorporada no expediente de contratación.

### Artigo 3. *Funcións do Servizo de Parque Móbil*

O Servizo de Parque Móbil ten as seguintes funcións:

- a) A planificación e ordenación da prestación dos servizos automobilísticos, incluíndo a distribución de efectivos humanos e medios materiais dispoñibles, para servizos de representación e para servizos xerais que a institución precise.
- b) A elaboración e execución dos programas de investimentos en vehículos autorizados pola Xerencia, así como a xestión e control dos repostos e demais materiais de consumo necesarios para o funcionamento eficiente dos servizos de automoción.
- c) A atención do mantemento e reparación dos vehículos xestionados directamente, tanto con medios propios como a través da externalización, cando así se requira.
- d) O seguimento e control dos vehículos propiedade da Universidade que non formen parte dos servizos centrais, sen prexuízo da obrigatoriedade da súa alta no Inventario de Bens Inmóveis da Universidade de Santiago de Compostela.



#### Artigo 4. *Servizos de representación*

A utilización de vehículos oficiais para servizos de representación está reservada aos altos cargos definidos nos Estatutos da Universidade e estará vinculada exclusivamente ás obrigas de desprazamento derivadas do desempeño das súas funcións. A Xerencia poderá autorizar, con carácter previo, o uso puntual por causas xustificadas.

Na súa utilización aplicaranse criterios de eficacia e eficiencia no uso de recursos públicos, limitándose a aqueles desprazamentos que sexan imprescindibles e evitando os desprazamentos curtos.

#### Artigo 5. *Servizos xerais de desprazamento*

1. Os e as delegados e delegadas do reitor, os cargos de adxunta e adxunto ás vicerreitorías e o persoal directivo que precisen desprazamento derivado das funcións públicas que teñan encomendadas, poderán empregar vehículos oficiais da Universidade sen condutor.

Para garantir a eficacia e eficiencia no uso de recursos públicos, estes servizos deberán ser solicitados ao Servizo de Parque Móbil con suficiente antelación.

2. Os requirimentos de vehículos que realicen os diferentes centros para o desprazamento de persoas e materiais, será solicitado con carácter previo ao Servizo de Parque Móbil e aplicarase a tarifa que corresponda segundo a natureza do servizo demandando. A atención das solicitudes farase segundo a dispoñibilidade dos medios do Parque Móbil.

#### Artigo 6. *Aspectos xerais relativos aos vehículos da Universidade de Santiago de Compostela*

1. Os vehículos que sexan propiedade da Universidade de Santiago de Compostela contarán con dispositivos de control e/ou localización e estarán adecuadamente identificados e rotulados de conformidade coa imaxe institucional da Universidade.

2. Fóra da xornada de traballo, os vehículos deberán estacionarse en instalacións da Universidade de Santiago de Compostela, agás que se atopen prestando un servizo de representación no suposto de vehículos oficiais, ou un servizo debidamente autorizado no suposto do resto de vehículos.

3. As persoas responsables dos vehículos non oficiais ás que se refire o artigo 2.2. deberán comunicar ao Servizo de Parque Móbil as instalacións da Universidade de Santiago de Compostela que se empregarán para o estacionamento fóra do horario laboral.

4. A autorización á que se refire o apartado anterior dirixirase polo responsable do vehículo ao Servizo de Parque Móbil.



5. As persoas condutoras serán responsables do coidado e conservación dos equipos de control e/ou localización instalados nos vehículos.

6. As persoas condutoras deberán prestar unha especial atención e extremar todos os coidados e medidas pertinentes para o estrito cumprimento da normativa vixente en materia de tráfico, circulación, control da velocidade máxima e seguridade vial.

7. Está prohibido fumar ou vapear nos vehículos propiedade da Universidade de Santiago de Compostela.

Disposición transitoria única. *Vehículos adquiridos con anterioridade á entrada en vigor do Regulamento.*

O Servizo de Parque Móbil levará a cabo o requirimento da información pertinente para completar a información de todos os vehículos que, no momento da publicación deste regulamento, sexan propiedade da Universidade de Santiago de Compostela.

Así mesmo, citará ás persoas responsables dos vehículos non oficiais para a instalación dos equipos de control e/ou localización que procedan.

Disposición derogatoria única

Derrógase o Acordo da Xunta de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela, do 3 de xullo de 1995, polo que se regulan os servizos de Parque Móbil da Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Santiago e de Lugo).

Así mesmo, queda derogada calquera disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao disposto neste Regulamento.

Disposición final. *Vixencia*

O presente regulamento entrará en vigor desde a súa publicación no Taboleiro Electrónico da Universidade de Santiago de Compostela.

## Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 09/06/2023 15:22:11.

**Asinante/Firmante/Signer:** DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 07/06/2023 15:45:38.

**CSV:** 08B8-B169-4363-8248